

ENCAIXANDO AS PEZAS

FORMACIÓN EN IGUALDADE

4º|5º|6º PRIMARIA

ESTEREOTIPOS

MODELOS DE MASCULINIDADE E FEMINIDADE

RELACIONES DESIGUALITARIAS



RÚA BAIUCA 2. BAIXO

A ESTRADA.36680

679306188

INFO@ANACOS EDUCATIVOS.COM

WWW.ANACOS EDUCATIVOS.COM



Anacos Educativos é unha entidade formada por unha equipa multidisciplinar con profesionais dos eidos da Educación Social, o Traballo Social e a Pedagogía. A maiores, as persoas que o integran, contan con formación en tempo libre e están especializadas en xénero, polo que o enfoque dos nosos proxectos sempre busca a equidade dende a diversidade e emprega a educación non formal como ferramenta para a adquisición de habilidades sociais .

Con cada un dos nosos proxectos queremos construír e sumar riquezas dende a diversidade e entendendo a igualdade como o pilar fundamental dunha sociedade sá e respectuosa.

Os centros de ensinanza son catalizadores de coñecementos e capacidades, porén, é preciso ser conscientes de que a súa labor vai moito máis alá, converténdose co paso do tempo en lugares de referencia imprescindibles para o desenvolvemento da comunidade educativa.

Deste xeito, o proxecto que presentamos a continuación busca achegarse aos centros de ensino, nos cales están a levar a cabo a súa formación académica, para executar un proxecto centrado na concienciación e sensibilización en xénero.

- AFECTIVIDADE
- PERSPECTIVA DE XÉNERO
- ESTEREOTIPOS E ROLES

XUSTIFICACIÓN

ENCAIXANDO AS PEZAS é un proxecto de educación afectivo sexual baseado na ampliación de valores e contidos arredor do xénero, sexo e da igualdade. Cremos na importancia de crear relacións onde prime o bo trato e no que se incrementen os coñecementos relacionados coa sexualidade dende o respecto á diversidade e ó coñecemento. Por ese motivo, vemos necesario realizar formacións especializadas nas que poidan obter respostas con datos reais daqueles temas que maior inquietude lle produzan e evitar a construción de falsas crenzas.

É moi frecuente que nestas idades busquen información navegando por internet ou falando co seu grupo de iguais; pero un asesoramento previo pode axudar a cometer erros, crear tranquilidade e minimizar riscos.

OBXECTIVOS

- Aumentar o coñecemento sobre a afectividade, o xénero e a igualdade.
- Inculcar a importancia do bo trato entre as persoas.
- Propiciar dinámicas para sensibilizar, analizar e rexeitar situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de sexo na vida cotiá do alumnado.
- Previr a construción de relacións desigualitarias nas que poidan reproducirse violencias machistas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta para a execución de "ENCAIXANDO AS PEZAS" ten un claro elemento diferenciador, pois ao longo das sesións buscaremos a creación dun xogo de mesa, material didáctico que poderá quedar no centro educativo.

Busca un acercamento participativo co alumnado, tendo en conta os seus intereses, inquiredanzas e coñecementos previos. Non se trata dunha formación estandar e estática, senón que buscarase en todo momento levar á práctica e posta en común. Construír é mais fácil que deconstruír, pero unha é necesaria para poder levar a cabo a outra, posto que senón tiramos abaixo falsas crenzas interiorizadas non podemos constuír unhas nova.

Na execución promoveremos dinámicas participativas, grupais e experimentais nas que exista unha mistura de teórica e práctica.

Nas 4 primeiras sesións crearemos contidos para o xogo de mesa e nas dúas últimas xogaremos, empregando este recurso para traballaro so contidos recollidos no mesmo.



anacos

ENCAIXANDO AS PEZAS

2024/2025

SESIÓNS

Esta proposta consta de 6 sesións, de 1 hora de duración cada unha polo que estaríamos falando dunha formación de 6 horas. O tempo de duración de cada un dos encontros pode adaptarse ás necesidades do centro, pero recomendamos as 2 horas por ser ideal para manter a atención e nivel de participación e ser tamén tempo suficiente para adentrarnos nas temáticas.

As temáticas establecidas inicialmente para cada unha das sesións son as seguintes:

- **SESIÓN 1. TRIVIAL + VERDADEIRO E FALSO.** Con base de preguntas e respostas, crearemos o primeiro apartado do noso xogo e achegarnos así aos conceptos clave dos contidos a traballar. Tamén traballaremos e desmostaremos falsas crenzas con preguntas de verdadeiro ou falso.
- **SESIÓN 2. TABÚ.** Buscamos traballar a sexualidade rompendo tabúes, polo que empregamos esta ferramenta para coñecer termos e facer un achegamento a este termo para que perdan o medo a falar deste tema coas persoas adultas.
- **SESIÓN 3. MÍMICA/ROL PLAYING.** Buscaremos dar resposta para adquirir ferramentas e recursos para identificar situacións desigualitarias, machismos invisibilizados e dar respostas.
- **SESIÓN 4. PICTURECA.** Achegarémonos tamén ás diversidades, roles e estereotipos por medio deste apartado do xogo onde terán que mostrar realidades moi diversas.
- **SESIÓN 5+6.** Tendo o xogo creado, empregaremolos en dúas sesións nas que xogamos e reflexionamos para afianzar todos os contidos.